



CONCELLOS

A FONSAGRADA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CONCELLO DA FONSAGRADA

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial publicado no presente Boletín con data do 21 de marzo do presente ano, aprobatorio do Regulamento Orgánico Municipal, cuxo texto íntegro faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CONCELLO DA FONSAGRADA

TITULO PREELIMINAR

De los Grupos políticos

Artigo 1.

O Concello da Fonsagrada, no exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización que lle concede o artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, promove, polo presente Regulamento, a súa organización e réxime de funcionamento de órganos básicos e complementarios que no mesmo establécense.

Artigo 2.

Na regulación das materias obxecto deste Regulamento rexe a seguinte prelación de fontes:

- a) A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Réxime Local, coas modificacións introducidas pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local;
- b) A Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia;
- c) O presente Regulamento Orgánico Municipal;
- d) A lexislación do Estado, en especial o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, para aquelas materias non reguladas polo presente Regulamento Orgánico o para cando este resulte insuficiente. Polo tanto, as disposicións do presente Regulamento orgánico serán de aplicación preferente ás contidas no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sempre e canto estas non proveñan dunha norma que teña consideración de básica, nalgunha das normas anteriormente citadas.

Artigo 3.

- 1.- Os membros da Corporación a efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en Grupos. Ningún membro pode pertencer simultaneamente a máis dun Grupo.
- 2.- En ningún caso poderán constituírse en Grupos Municipais separados os concelleiros que pertencen a unha mesma lista electoral.
- 3.- Durante o mandato da Corporación ningún membro poderá integrarse nun Grupo distinto daquel no que o fixera inicialmente.

Artigo 4.

- 1.- Os Grupos Políticos constituiranse mediante escrito dirixido ao Presidente e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentará na Secretaría Xeral da Corporación dentro prazo de cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación.
- 2.- No mesmo escrito de constitución farase constar a designación de portavoz do Grupo, podendo designarse tamén un suplente, sendo por tanto portavoz de cada Grupo Municipal, o que designe cada Grupo no momento da súa constitución, ou ben o que posteriormente sexa designado pola maioría dos compoñentes da lista respectiva.

3.- Da constitución dos Grupos Políticos e dos seus integrantes e portavoces, o Presidente dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre tras cumprirse o prazo previsto no artigo anterior.

Artigo 5.

1.- Os concelleiros que adscritos inicialmente a un Grupo desexen abandonalo, deberán facelo constar por escrito formal, presentado no Rexistro Xeral da Corporación e dirixido ao Alcalde da Corporación municipal.

2.- A efectividade do abandono do Grupo Municipal ó que pertencía comezará a computar dende a data de presentación do referido escrito no Rexistro Xeral do Concello.

3.- No caso de que un concelleiro fose expulsados do Grupo Político ao que pertencera orixinalmente, será o voceiro do Grupo o que deberá presentar no Rexistro Xeral da Corporación un escrito dirixido ao Alcalde no que se poña de manifesto de xeito fidedigno esta eventualidade, e se acredite documentalmente dita expulsión.

4.- Os concelleiros que opten por non incluírse en ningún Grupo político municipal terán a consideración de concelleiros non adscritos.

5.- A consideración dun concelleiro como non adscrito non menoscabará, en ningún caso, os dereitos e obrigas que en canto á participación na organización municipal corresponde a toda concelleiro de conformidade co disposto no artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime local. Terán o dereito de asistir ás comisións informativas convocadas de acordo co previsto neste regulamento e terán nas mesmas dereito de voto.

6.- Se o número de concelleiros non adscritos impide que a composición das Comisións Informativas se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos Grupos políticos representados na Corporación, dita proporcionalidade volverá a recalcularse.

TÍTULO PRIMEIRO

Organización municipal corporativa do Concello de A Fonsagrada

Artigo 6.

A organización municipal axustase as seguintes estruturas:

- a) Son órganos básicos de goberno e administración: o Pleno; o Alcalde/esa; os Tenentes Alcalde; así coma a Comisión Especial de Contas.
- b) Son órganos complementarios do goberno e administración: as comisións Informativas, e a Xunta de Goberno Local.

Artigo 7.

1.- As atribucións do Alcalde, do Pleno e da Xunta de Goberno Local, son as que veñen determinadas na Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (Lei 7/1985, do 2 de Abril), así como no Texto Refundido das Disposicións Legais viventes en materia de Réxime Local (R.D.L. 781/1986, do 18 de Abril).

2.- O Pleno e o Alcalde poden efectuar delegacións en favor da Xunta de Goberno Local. De todas as delegacións e das súas modificacións darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

3.- O Órgano delegante poderá avogar en calquera momento as competencias delegadas.

4.- Ningún Órgano poderá delegar nun terceiro as atribucións ou potestades recibidas por delegación doutro Órgano.

Artigo 8.

1.- O nomeamento dos Tenentes de Alcalde será libremente realizado polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local. O nomeamento, así como o cese, farase mediante resolución do Alcalde, da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, facéndose público polos medios de costume, todo elo sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte á sinatura da resolución, si nela non se dispuxese outra cousa.

2.- A condición de Tenente de Alcalde pérdese, ademais de polo cese decretado pola Alcaldía, por renuncia expresa manifestada por escrito e por perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local.

3.- Corresponde aos Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións de Alcalde nos supostos de vacante de Alcaldía, ata que tome posesión o novo Alcalde.

4.- En caso de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda sen expresa delegación da Alcaldía. Non obstante o disposto anteriormente, cando o Alcalde se ausente do Termo Municipal sen haber conferido a delegación ou cando por causa imprevista lle houberse resultado imposible outorgala, substituiralle o Tenente de Alcalde que corresponda, dando conta posterior á Corporación.

TÍTULO SEGUNDO

CAPÍTULO I

Sobre o funcionamento do Pleno do Concello de A Fonsagrada

Artigo 9.

Os tipos de sesións rexerase polo establecido na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e polo Texto Refundido das Disposicións Legais sobre Réxime Local, que diferencia entre sesións ordinarias, extraordinarias e extraordinarias urxentes.

Artigo 10.

1.- O Pleno celebrará sesión ordinaria coa periodicidade que determine o propio Pleno a proposta do Alcalde, dentro das limitacións e obrigas contidas na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, así coma a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Réxime Local.

2.- O Pleno sinalará igualmente os días e horas en que terán lugar ditas sesións, que poderán ser cambiados en calquera momento posterior, polo devandito Órgano. Igualmente o Alcalde, por propia iniciativa ou a pedimento dos portavoces, por causa xustificada, poderá variar o día ou a hora dalgunha sesión, afastándose só o imprescindible dos días e horas acordados polo Pleno.

3.- As sesións poderán celebrarse en primeira ou segunda convocatoria. A segunda convocatoria sería dous días despois da sinalada para a primeira ou ao día seguinte hábil si coincidise en festivo. Neste caso non sería necesario o envío da Orde do día, pero si a notificación da súa celebración en segunda convocatoria.

Artigo 11.

1.- As sesións extraordinarias poden ser convocadas polo Alcalde da Corporación, así coma pola cuarta parte dos membros da Corporación, debendo respectar estes últimos os límites contidos no artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Réxime Local, entre outros preceptos concordantes.

2.- As referidas sesións convocadas con tal carácter a solicitude da cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da Corporación, deberán solicitarse por escrito no que se razoe o asunto ou asuntos que a motiven, asinado persoalmente por todos os que a subscriben. Tamén deberán acompañar a devandito escrito todos os documentos que haxan de estar ao dispor dos señores concelleiros na Secretaría Xeral, desde o momento da convocatoria.

3.- A relación de asuntos incluídos no escrito non enerva a facultade do Alcalde de determinar os puntos da Orde do día, aínda que a exclusión dalgún dos asuntos propostos, deberá ser motivada.

Artigo 12.

1.- O Alcalde convocará aos concelleiros a sesión ordinaria ou extraordinaria con mínimo de dous días de antelación como sinala a Lei, remitíndolles xunto coa comunicación da convocatoria a orde do día a que haberá de suxeitarse dita sesión, no que figurarán, numerados e apuntados suficientemente, os asuntos a tratar.

2.- Os concelleiros acusarán recibo da convocatoria asinando en folia para o efecto.

3.- Si varios concelleiros desexasen examinar os expedientes á vez, distribuiránllos entre eles mesmos. Si non se puxesen de acordo, requirirán ao Secretario para que emita un informe-proposta verbal. Si dita proposta tampouco satisfai aos interesados, someterase á decisión do Sr. Alcalde-Presidente, que resolverá distribuindo o tempo e os expedientes de forma que estes poidan ser vistos por quen daqueles quixesen facelo.

4.- O horario para exame de expedientes será o correspondente ao normal de oficina. No entanto, aquel poderá ser ampliado pola Presidencia cando o número ou a importancia dos asuntos así o requira. Dita ampliación será posta en coñecemento dos señores Concelleiros e da Secretaría Xeral. Baixo ningún concepto os expedientes poderán extraerse da Secretaría Xeral.

Artigo 13.

Calquera que sexa a clase de sesión, haberá de ser levantada o mesmo día que se abriu e deberá respectar o principio de unidade de acto.

Artigo 14.

1.- A Orde do día das sesións será fixado polo Alcalde asistido do Secretario.

2.- Os asuntos que se inclúan na Orde do día deberán estar, previamente, ditaminados ou informados pola Comisión Informativa correspondente, no caso de que o Pleno acorde a súa constitución. Cando non houber creada Comisión Informativa con competencias por razón da materia que sexa obxecto do asunto a incluír na orde do día, o ditame ou informe previo non será esixible, nin para a dita inclusión nin para a válida adopción do acordo.

3.- Nos Plenos ordinarios haberá unha parte dedicada ao control dos demais órganos da Corporación para a formulación de mocións, rogos e preguntas. Neste senso, cada un dos Grupos Municipais poderán formular, como máximo catro mocións.

Artigo 15.

No caso de que no día e hora sinalados na convocatoria para celebrar sesión non concorreran membros da Corporación bastantes para celebrala, acreditarase tal circunstancia polo Secretario, mediante dilixencia, na que se expresará o número e nome dos que houberen asistido e dos que houberen xustificado a súa ausencia e reiterarase a convocatoria tantas veces sexa preciso ata lograr a asistencia do número de Concelleiros necesario para celebrar validamente a sesión.

Artigo 16.

- 1.- As sesións do pleno son públicas, agás nos casos previstos no artigo 70.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril.
- 2.- Aberta a sesión o procederase á lectura da acta da sesión anterior, agás que se recibira previamente copia da mesma, nese caso tense por lida, quedando aprobada si ningún dos asistentes formulase reparos.
- 3.- Si houbera oposición a Corporación decidirá, por maioría simple, a súa aprobación ou modificación, que en ningún caso afectará ao fondo dos acordos adoptados e só se poderán emendar os meros erros materiais ou de feito.

Artigo 17.

Si promóvese debate, as intervencións serán ordenadas polo Alcalde, conforme ás seguintes regras:

- 1.- Só poderá facerse uso da palabra, previa autorización do Presidente.
 - a) No debate, os diversos Grupos consumirán unha primeira quenda, dunha duración máxima de seis minutos;
 - b) Os Concelleiros que consumiron a súa quenda, poderán volver facer uso da palabra para rectificar concisamente, e por unha soa vez, os feitos ou conceptos que se lle atribuíron. A estes efectos o Alcalde concederalles a palabra pola metade do tempo anterior como máximo;
 - c) quen se considere aludido por unha intervención, poderá solicitar do Alcalde que se conceda unha quenda por alusións, que será breve e conciso, sen que poida exceder dun minuto e medio;
 - d) Presidente poderá reducir ou ampliar os tempos de intervención nos debates en razón da importancia ou transcendencia do asunto;
 - e) Non se admitirán outras interrupcións que as do Presidente para chamar á orde ou á cuestión debatida.
- 2.- Os membros da Corporación poderán, en calquera momento do debate, pedir a palabra para expor unha cuestión de orde, invocando para o efecto a norma cuxa aplicación reclama. O Presidente resolverá o que proceda sen que por este motivo establézase debate algún.
- 3.- O secretario-interventor poderá intervenir cando fora requirido polo Presidente por razóns de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos. Cando devandito Funcionario entenda que no debate expúxose algunha cuestión sobre a que poida dubidarse sobre a legalidade ou puidese ter implicacións económicas poderán solicitar ao Presidente o uso da palabra para asesorar á Corporación.
- 4.- Os/as concelleiros/as non poderán dirixirse ó público asistente o Pleno.
- 5.- O público asistente ás sesións non poderá intervenir nestas, nin tampouco poderán permitirse manifestacións de agrado ou desagrado, podendo o Presidente proceder, en casos extremos, á expulsión do asistente que por calquera causa impida o normal desenvolvemento da sesión. Sen prexuízo diso, unha vez levantada a sesión, a Corporación pode establecer unha quenda de consultas polo público asistente sobre temas concretos de interese municipal.

Artigo 18.

Para os efectos do desenvolvemento das sesións e para definir o carácter das intervencións dos membros da Corporación, utilizarase a seguinte terminoloxía:

1. Ditame, é a proposta sometida ao Pleno tras o estudo do expediente pola Comisión Informativa. Contén unha parte expositiva e un acordo para adoptar.
2. Proposición, é a proposta que se somete ao Pleno relativa a un asunto incluído na orde do día, que acompaña á convocatoria. Non procederá entrar a debater nin votar unha proposición sen que previamente se ratifique, de acordo co disposto no referido artigo 82.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a inclusión do asunto na orde do día.
3. Moción, é a proposta que se somete directamente a coñecemento do Pleno ao amparo do previsto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Poderá formularse por escrito ou oralmente.
4. Voto particular, é a proposta de modificación dun ditame formulada por un membro que forma parte da Comisión Informativa. Deberá acompañar ao ditame desde o día seguinte á súa aprobación pola Comisión.
5. Emenda, é a proposta de modificación dun ditame ou proposición presentada por calquera membro, mediante escrito presentado ao Presidente antes de iniciarse a deliberación do asunto.

En relación á presentación das mesmas, indícase que estas deberán presentarse por escrito ao Presidente da sesión antes da votación do asunto correspondente. Con respecto á súa votación, esta deberá realizarse con anterioridade á deliberación do asunto ao que se refire a mesma.

6. Rogo, é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algúns dos órganos de goberno municipal. Os rogos formulados no seo do Pleno poderán ser debatidos, pero en ningún caso sometidos a votación. Poden expor rogos todos os membros da Corporación

7. Pregunta, é calquera cuestión exposta aos órganos de goberno no seo do Pleno. Poden expor preguntas todos os membros da Corporación.

Artigo 19

1.- Os membros da Corporación municipal deberán formular por escrito as preguntas que desexen efectuar nas sesións plenarias de carácter ordinario. O referido escrito será dirixido ao Secretario-interventor da Entidade e deberá ser presentado no rexistro da Corporación con a lo menos vinte e catro horas de antelación á convocatoria da sesión plenaria.

2.- Os rogos presentaranse por escrito con anterioridade á celebración da sesión plenaria. O citado documento deberá ser presentado ante o Presidente ou ante o Secretario da Corporación.

3.- As preguntas deberán ser contestadas por escrito e expostas na seguinte sesión ordinaria que se celebre. A exposición das preguntas formuladas non dará lugar a debate, unicamente se permitirá unha única quenda de réplica ao Grupo municipal que formulase a cuestión.

Artigo 20.

A Presidencia poderá rexeitar os rogos e preguntas que non se refiran a asuntos de competencia municipal, así como as preguntas que supoñan unha consulta de índole exclusivamente xurídica e as que se formulen en exclusivo interese de algunha persoa singularizada. Igualmente poderá reconducir a súa verdadeira natureza de rogo ou pregunta as que se presenten impropriamente como preguntas ou rogos.

Artigo 21.

1.- O Alcalde poderá chamar á orde a calquera membro da Corporación que:

- a) Profira palabras ou verta conceptos ofensivos ao decoro da Corporación ou dos seus membros, das Institucións Públicas ou calquera outra persoa ou Entidade;
- b) Produza interrupcións ou de calquera outra forma altere a orde das sesións;
- c) Pretenda facer uso da palabra sen que lle fora concedida ou unha vez que lle foi retirada.

2.- Tras tres chamadas á orde na mesma sesión (ou dúas chamadas á orde no debate dun mesmo asunto), coa advertencia na última, das consecuencias dunha nova chamada, o Presidente poderá ordenar a un Concelleiro que abandone o local en que se está celebrando a reunión, adoptando as medidas que considere oportunas para facer efectiva a expulsión.

Artigo 22.

1.- Finalizado o debate dun asunto, procederase á súa votación. Antes de comezar a votación o Alcalde exporá clara e concisamente os termos da mesma e a forma de emitir o voto.

2.- Unha vez iniciada a votación non pode interromperse por ningún motivo. Durante o desenvolvemento da votación, o Presidente non concederá o uso da palabra e ningún membro corporativo poderá entrar no Salón ou abandonalo.

3.- O voto dos Concelleiros é persoal e indelegable.

Artigo 23

1.- As votacións poden ser ordinarias, nominais e secretas:

- a) Son ordinarias as que se manifestan por signos convencionais de asentimento, disentimento ou abstención;
- b) Son nominais aquelas votacións que se realizan mediante chamamento por orde alfabética de apelidos e sempre en último lugar o Presidente e na que cada membro da Corporación, ao ser chamado, responde en voz alta "si", "non" "ou absteñome";
- c) Son secretas as que se realizan por papeleta que cada membro da Corporación vaia depositando nunha urna ou bolsa.

2.- O sistema normal de votación será a votación ordinaria.

3.- A votación nominal requirirá a solicitude dun Grupo Municipal aprobada polo Pleno por unha maioría simple en votación ordinaria, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 7/85.

Artigo 24

Terminada a votación ordinaria, o Presidente declarará o acordado. Inmediatamente despois de concluír a votación nominal ou secreta, o Secretario computará os votos emitidos e anunciará en voz alta o seu resultado, en vista do cal o Presidente proclamará o acordo adoptado.

Artigo 25

1.- De cada sesión o Secretario estenderá unha acta na que haberá de constar todos os requisitos que sinala o artigo 109 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. No caso de non celebrarse sesión por falta de asistentes ou outros motivos, o Secretario suplirá a acta cunha dilixencia autorizada coa súa firma, na que consigne a causa e nomes dos concorrentes e dos que escusasen a súa ausencia.

2.- O Secretario redactará a acta de forma concisa, configurando un extracto do sucedido e recollendo as opinións sintetizadas dos membros da Corporación que interviñesen nas deliberacións, plasmando de forma irrefutable os acordos e os orzamentos imprescindibles que lle sirvan de base.

3.- Se algún concelleiro quere que as súas manifestacións sexan reflectidas de forma total e completa na acta deberá achegar, ben por escrito ben por medios electrónicos, ditas manifestacións á Secretaría do Concello.

Artigo 26.

1.- As sesións plenarias son públicas polo que se permite a gravación dos Plenos por calquera medio que facilite a súa difusión garantindo o dereito recoñecido constitucionalmente a comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión, coa única excepción de que se trate de asuntos cuxo debate e votación sexa secreto por poder afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución, cando así se acorde polo Pleno por maioría absoluta.

2.- Pola alcaldía-presidencia poderase limitar este dereito, de forma debidamente motivada, por razóns de limitación de aforo, de alteración do orde público, de concorrencia en masa de medios de comunicación ou calquera outro previsto na lexislación vixente que impida o desenvolvemento da sesión.

3.- A publicación dos datos gravados por calquera interesado implica unha cesión de datos ou comunicación de datos de carácter persoal amparada pola Lei sendo responsables do uso que se faga delas as persoas que os difundan e non o Concello.

CAPÍTULO II

Sobre o funcionamento da Comisión Especial de Contas no Concello de A Fonsagrada

Artigo 27.

1.- A Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, segundo dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, así coma o artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

2.- Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extraorzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na Lexislación reguladora da contabilidade das Entidades Locais.

3.- Nela estarán representados todos os Grupos Políticos que integren a Corporación Municipal, de forma que a súa composición acomódese á proporcionalidade existente entre os distintos Grupos como resultado das eleccións, de tal maneira que o Partido ou Agrupación que ostente maioría absoluta na Corporación, manteña dita maioría no seo da propia Comisión.

CAPÍTULO III

Sobre o funcionamento dos órganos complementarios no Concello de A Fonsagrada

Artigo 28.

1.- A Xunta de Goberno Local existirá cando a así o acorde o Pleno do Concello de A Fonsagrada, dado que este, é un órgano complementario nos Concellos de menos de 5.000 habitantes segundo o indicado no artigo 20.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Réxime Local

2.- Na eventualidade da creación deste órgano colexiado, a Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva a convocatoria do Alcalde, dentro dos quince días seguintes a aquel no que este designara aos membros que a integran.

3.- As sesións ordinarias terán lugar quincenalmente, correspondendo ao Sr. Alcalde fixar mediante decreto o día e hora das sesións ordinarias.

4.- As sesións extraordinarias e urxentes terán lugar cando con tal carácter sexan convocadas polo Alcalde. Así mesmo, o Alcalde poderá, en calquera momento, reunir á Xunta de Goberno Local cando o estime necesario para coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a ditar resolucións en exercicio das atribucións que lle correspondan.

Artigo 29.

As sesións da Xunta de Goberno Local axustaranse ao disposto na lexislación vixente e neste Regulamento para as sesións plenarias coas seguintes modificacións:

- a) Entre a convocatoria e a celebración da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, salvo nos casos de sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na Orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos seus membros;
- b) As sesións da Xunta de Goberno Local non serán públicas, sen prexuízo da publicidade e comunicación á Administración Estatal e Autonómica dos acordos adoptados. Non obstante, serán públicas cando o asunto a tratar o sexa por delegación de Pleno;
- c) As actas das sesións da Xunta de Goberno Local transcribírase nun Libro distinto do das sesións do Pleno.

Artigo 30.

Son de existencia potestativa tamén no Municipio as Comisións Informativas, e o seu número e denominación será determinado polo Pleno do Concello. No caso de que o Pleno acorde a constitución destas Comisións, o seu ditame terá carácter preceptivo e non vinculante.

Artigo 31.

1.- O Alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións, con todo, a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, cuxa delegación poderá avogala a Presidencia en calquera momento.

2.- Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición acomódese á proporcionalidade existente entre os distintos Grupos Políticos representados na Corporación.

Artigo 32.

1.- As Comisións informativas serán convocadas polo seu Presidente ou, no caso de Presidente sen dedicación exclusiva serán convocadas polo Sr. Alcalde, e para a validez dos seus ditames deberán asistir, en primeira convocatoria, canto menos un terzo dos seus membros, sempre que sexan como mínimo tres.

2.- En segunda convocatoria, que será media hora despois da sinalada para a primeira, reunirse cos membros que asistan, calquera que sexa o seu número, debendo asistir, como mínimo, o Presidente e un vocal.

3.- O Presidente das Comisións poderá requirir a presenza nas súas sesións, do persoal municipal que estime conveniente, a efectos informativos.

TÍTULO TERCEIRO

Sobre os dereitos e obrigas dos membros da Corporación

Artigo 33.

1.- Cando se reclame por unha concelleiro calquera tipo de información, deberase atenderse a facilitala coa maior dilixencia posible. Non obstante, cando a petición sexa de difícil cumprimentación pola súa extensión ou cando o traballo de facilitala supoña prexuízo para o servizo correspondente, poderá demorarse a información mediante decisión motivada.

2.- As solicitudes de petición de información deberán realizarse por escrito presentado perante o rexistro xeral do Concello.

3.- Procurarase que a petición de información sexa simplemente dar vista no expediente e evitándose, na medida do posible, a emisión de fotocopias sendo substituída a documentación que precisen por documentos escaneados que serán facilitados por medios telemáticos.

4.- A consulta de calquera tipo de documentación deberá realizarse sempre nas dependencias nas que se atope sen que en ningún caso poda sacarse delas a documentación orixinal.

5.- Os concelleiros velarán porque a atención das súas peticións de información non entorpezan o normal funcionamento da dependencia correspondente.

6.- Os concelleiros teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten e queda expresamente prohibida a reprodución exacta da documentación facilitada para o seu estudo nin a súa gravación por calquera medio. O Alcalde/Alcaldesa poderá sancionar ás/ós concelleiros polo incumprimento destas obrigas, nos termos que se establezan polas leis do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 34.

1.- O Pleno da Corporación aprobará os modelos de declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades, de causas de posible incompatibilidade e relación de actividades, sendo os vixentes os que se incorporarán como anexo a este regulamento,.

2.- Asemade, calquera modificación ou declaración complementaria deberá notificarse no inmediato mes seguinte á Secretaría mediante copia compulsada das mesmas.

3.- Os modelos de declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo do Concello da Fonsagrada publicaranse na páxina web municipal, que será de libre acceso. A mesma publicación levarase a cabo coas declaracións presentadas con ocasión do cesamento no cargo ou ao final do mandato ou de producirse calquera modificación.

4.- Para salvagardar a privacidade e seguridade dos membros da Corporación excluíranse, tendo en conta a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais como: DNI, enderezos, números de teléfono, números de contas bancarias, matrículas de automóviles e calquera outro que corresponda en aplicación da citada normativa, así como os datos que permitan a localización dos seus bens (referencias catastrais, número finca rexistral, etc...).

5.- O departamento de Secretaría dará cumprimento á publicidade na páxina web municipal dos modelos de declaracións así como á incorporación dos datos persoais que serán tratados no ficheiro "órganos de goberno" do Concello da Fonsagrada sendo a finalidade coñecer os bens e as causas de posible incompatibilidade e actividades dos membros da Corporación, podendo ser utilizados de conformidade co establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, polos motivos indicados Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, presentando a solicitude no rexistro xeral do Concello.

6.- De todas as declaracións que se presenten entregarase unha copia dilixenciada ao interesado e o orixinal quedará na Secretaría durante o mandato do declarante, para a súa custodia en lugar pechado.

7.- Ao rematar o mandato da Corporación as declaracións presentadas ao iniciarse ou as que foron presentadas durante o mesmo encadernaranse e arquivaranse definitivamente.

8.- Os concelleiros deberán observar en todo momento as incompatibilidades establecidas na lexislación electoral.

Artigo 35.

1.- O acceso ao Rexistro de causas de incompatibilidade, de actividades e de bens patrimoniais, será o establecido na lexislación vixente.

2.- Do Rexistro de bens patrimoniais poderán expedirse certificacións unicamente a petición do declarante, do Pleno, da Xunta de Goberno Local, do Alcalde/Alcaldesa, do representante legal do partido ou formación política pola que houbera sido elixidos ou de órgano xurisdiccional.

Artigo 36.

Os concelleiros, unha vez que tomen posesión do seu cargo, estarán obrigados o cumprimento estrito dos deberes e obrigacións inherentes a el.

Tódolos membros da Corporación teñen a obriga de gardar reserva e sigilo en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se atopan pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución de documentos que podan facilitárselle para o seu estudio.

Artigo 37.

1.- Os concelleiros terán dereito a percibir, con cargo os Orzamentos do Concello, as retribucións ou indemnizacións que correspondan segundo os criterios xerais establecidos na Lexislación de Réxime Local, neste Regulamento e no Orzamento Municipal.

2.- De acordo co establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, terán dereito a percibir retribucións e a ser dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, os concelleiros que desenvolvan as súas responsabilidades en réxime de dedicación parcial ou exclusiva. O recoñecemento da dedicación exclusiva a un concelleiro, esixirá a dedicación preferente do meso as tarefas municipais, sen prexuízo de outras ocupacións marxinais que, en calquera caso, non poderán causar detrimento a súa dedicación o Concello, no caso de que tales ocupacións sexan remuneradas, requirirá unha declaración formal de compatibilidade por parte do Pleno. O número de dedicacións exclusivas ven regulado no artigo 75 ter da LBRL.

3.- O Pleno Corporativo, a proposta do Alcalde, determinará, dentro da consignación orzamentaria global contida a tal fin no Orzamento, as contías que correspondan a cada un deles en atención o seu grado de responsabilidade e de acordo coas posibles limitacións que estableza a lexislación vixente.

Artigo 38.

1.- O Pleno da Corporación fixará a contía das retribucións, asistencias e indemnizacións do Alcalde e concelleiros e as súas modalidades dentro das correspondentes consignacións orzamentarias e cos límites que, con carácter xeral se establezan. Ditas percepcións responderán a criterios de igualdade e non discriminación, en función das atribucións conferidas.

2.- Deberán publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación, os acordos plenarios referentes as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e o réxime de dedicación deste últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da

Corporación determinando os membros desta que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

3.- Todas as percepcións dos membros da Corporación estarán suxeitas as normas tributarias de carácter xeral.

4.- Soamente os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva as sesións dos órganos colexiados de que formen parte.

A Fonsagrada, 9 de xullo de 2020.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 1486

Anuncio

INVESTIGACIÓN DA TITULARIDADE DUN CAMIÑO

Acordado o inicio do expediente de investigación en relación cun conxunto de camiños con referencia catastral 27018A042090050000QA, situado entre os núcleos de Villagudel e Liñares que figuran no catastro entre as parcelas 162 e 163 do polígono 42 do Concello de A Fonsagrada. A efectos de determinar a titularidade correcta do mesmo de acordo co disposto no artigo 49 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, procédese á publicación deste acordo expoñendo ao público o expediente por prazo de quince días, durante os cales e un mes máis, as persoas afectadas polo expediente de investigación poderán alegar por escrito canto estimen conveniente ao seu dereito ante a Corporación, acompañando todos os documentos en que funden as súas alegacións

En virtude do artigo 51 do Real Decreto 1372/1986 admitiranse como proba calquera dos seguintes elementos: documentos públicos xudiciais, notariais, ou administrativos outorgados con arranxo o dereito, recoñecementos periciais, declaración de testemuñas, así coma calquera medio de proba admisible en Dereito, cuxa valoración se realizará de acordo cos criterios establecidos na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil, tal e como recoñece o artigo 77.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Fonsagrada, 9 de xullo de 2020.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 1487

LÁNCARA

Anuncio

O día 8 de xullo o señor alcalde ditou o seguinte decreto:

“Decreto.- Láncara, na data da sinatura electrónica á marxe.

Tendo necesidade de ausentarme o día 9 de xullo do termo municipal, e estando prevista a celebración dun matrimonio civil.

Polo exposto resolvo:

Dar cumprimento do establecido nos artigos 51 e 57 do Código Civil, delegando no concelleiro e terceiro tenente alcalde, don José Manuel García Aldegunde, para a celebración do contrato matrimonial o día 9 de xullo de 2020.

Notifíquesele ós interesados.

Déase conta ao Pleno da Corporación e publíquese no BOP”.

Láncara, 8 de xullo de 2020.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1488

Anuncio

Corrección de erros

Advertido o erro no anuncio publicado no BOP Lugo de 13 de xullo de 2020 relativo ó nomeamento de funcionaria de carreira, acordado por resolución de alcaldía do Concello de Láncara de 5 de xullo de 2020, onde di “dona Ana Carballal Fernández” debe dicir “dona Ana Castañal Fernández”.

Láncara, 13 de xullo de 2020.- O alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R 1533

Anuncio

De acordo co establecido na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, o Pleno do Concello de Láncara, en sesión ordinaria celebrada o día 4 de xuño de 2020, aprobou o Plan Económico-Financeiro 2020-2021 elaborado polo incumprimento da estabilidade orzamentaria apreciada na liquidación do orzamento de 2019.

O que se publica a efectos informativos:

“PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2020/2021 DO CONCELLO DE LÁNCARA.

INTRODUCCIÓN.

A Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF) establece a obriga para todas as administracións locais de incorporar tres medidas de consolidación fiscal: eliminación do déficit, a redución da débeda pública e o cumprimento da regra de gasto.

